



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: MODIFICACIÓN MEMBROS MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE
EXPEDIENTE: 2024/G003/000770

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello aprobou a mesa de contratación permanente mediante o decreto 1154/2023, de data 20-06-2023 (expediente 2023/G003/001208) e a súa modificación mediante o decreto 724/2024 de 26-04-2024, expte.: 2024/G003/00756, que procede anular por conter erros

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 326 e o apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).
- O artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade co disposto no apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.

En virtude do disposto no artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público a designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato.

A mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, exercerá as seguintes funcións, entre outras que se lle atribúan na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no seu desenvolvemento regulamentario:

- a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten o devandito cumprimento, previo trámite de emenda.
- b) A valoración das proposicións dos licitadores.
- c) No seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da presente Lei.
- d) A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presente a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.
- e) No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, no de licitación con negociación e no de asociación para a innovación, a selección dos candidatos cando así se delegue polo órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

SEGUNDA. A mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario.

De conformidade co apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público publicarase ademais no «Boletín Oficial do Estado», no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo trátase da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.

TERCEIRA. Salvo o disposto no apartado 1 do artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a mesa de contratación que interveña no procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da presente Lei considerarase válidamente constituída se o está polo Presidente, o Secretario, un funcionario de entre quen teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un funcionario que teña atribuídas as funcións relativas ao seu control económico-orzamentario.

CUARTA. Ao abeiro do disposto na disposición adicional segunda punto sete, poderá formar parte da mesa persoal funcionario interino unicamente cando non exista funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. Actualmente, o Concello de Betanzos ten convocada a OPE para o ano 2023 que inclúe varios procesos de persoal funcionario, persoal técnico, polo que, ata que se conclúa os referidos procesos existe certa carencia de persoal cualificado, polo que é necesario recorrer a persoal interino do concello para a constitución da mesa de contratación no caso do persoal técnico de contratación.

QUINTA. En data 30 de marzo de 2024 causou baixa voluntaria a funcionaria interina que ocupaba a praza de técnico/a de administración xeral de Contratación e Persoal, quedando vacante dita praza, polo que se considera conveniente **nomear en substitución da mesma, de maneira provisional e ata que se cubra a praza á funcionaria de carreira, dependente da Alcaldía, Elena Encinas Pena**

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación definitiva pola alcaldesa, conforme ao artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e **RESOLVO:**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

PRIMEIRO. ANULAR e deixar se enfecto o Decreto nº 724/2024, de data 26-04-2024, expediente 2024/G003/000756.

SEGUNDO. Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente, órgano de asistencia ao órgano de contratación e modificar os seus membros segundo o indicado, quedando composta do xeito seguinte:

Presidente:

— O Primeiro tenente de alcalde, Diego Fernández López e o segundo tenente de alcalde de substituto,

e os seguintes vogais:

- O secretario municipal, Adrián J. Márquez Caramés, ou funcionario/a que o substitúa.
- A interventora municipal María Iglesias Nuño, ou funcionario/a que a substitúa.
- A concelleira designada polo Grupo Municipal do BNG, Amelia Sánchez Pérez, e substituto/a
- A concelleira designada polo Grupo Municipal do PP, Cecilia Vázquez Suárez, e substituto/a
- O/A Técnico/a Admón. Xeral de Intervención, Yolanda González Rodríguez ou funcionario/a que a substitúa.
- A funcionaria dependente da Alcaldía Elena Encinas Pena ou funcionario/a que a substitúa, de xeito provisional ata que se cubra a praza de Técnico/a Admón. Xeral de Contratación e Persoal
- O/A técnico/a municipal competente segundo a materia obxecto do contrato, designado/a polo órgano de contratación en cada caso, ou funcionario/a que o/a substitúa.

Secretaria:

- A funcionaria do Departamento de Contratación Áurea Picado Brea ou funcionario/a que o/a substitúa.

TERCEIRO. Comunicar aos membros designados o seu nomeamento como membros da Mesa de Contratación Permanente.

CUARTO. Publicar dita Resolución no perfil de contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).